

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,  
O 12 DE DECEMBRO DE 2013,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se dispón que cese Manuel Barros como delegado da Xunta de Galicia en Montevideo.

**CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade duns treitos das estradas AC-862, C-646 e da AC-116 a prol do Concello de Ferrol.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Fundación EOI, a Axencia Turismo de Galicia e a Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia para levar a cabo un proxecto para o fomento da innovación e a competitividade nas pemes do sector turístico vinculadas ao Camiño de Santiago "Camiño intelixente", por importe de oitocentos corenta e seis mil euros (846.000,00 €).



## **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se aproba o Programa de xestión de residuos de construción e demolición de Galicia 2013-2016.
- Acordo polo que se aproba definitivamente a modificación puntual do proxecto sectorial do Parque Empresarial de Cee (A Coruña).

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se aproba o Plan de ordenación de recursos humanos dos laboratorios de saúde pública dependentes da Consellería de Sanidade.

## **CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Traballo e Benestar e o Concello da Porqueira, para a posta en funcionamento dun centro de día residencial. Importe total: seiscentos cincuenta e dous mil setecentos trinta e seis euros (652.736,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á modificación e prórroga para o ano 2014 do contrato administrativo de xestión de servizo público na modalidade de concesión para a atención dos menores en réxime de internamento no centro de reeducación de menores Monteledo, do cal é titular a Xunta de Galicia (expediente 59/2010, lote 2), por un importe de dous millóns novecentos dezaioito mil vinte e cinco euros con trinta e cinco céntimos (2.918.025,35 euros).

## **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR**

- Acordo polo que se autoriza a encomenda de xestión á Empresa de Tecnoloxías y Servicios Agrarios, S.A. (TRAGSATEC) dos traballos dos programas de sanidade e produción animal en Galicia durante o ano 2014, por un importe total de sete millóns douscentos cincuenta e sete mil seiscentos oitenta euros con oitenta e catro céntimos (7.257.680,84 euros).



## **INFORMES**

### **VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Informe sobre os resultados dos incentivos á prestación conxunta de servizos polos concellos.

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Informe sobre as bases reguladoras e convocatoria para 2014 das axudas do Igape aos proxectos de creación de pemes ou de realización de investimentos en pemes promovidas por novos emprendedores, cofinanciados polo Feder.



## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CESAMENTO DE MANUEL BARROS COMO DELEGADO DA XUNTA EN MONTEVIDEO**

O Consello da Xunta aprobou o cesamento do delegado do Goberno galego en Montevideo, Manuel Barros, que abandona o cargo por petición propia e por motivos persoais e profesionais. Ata que se nomee o seu sucesor, as súas funcións serán delegadas ao seu homólogo en Bos Aires, Alejandro López Dobarro.

Desde o ano 2009 Manuel Barros estivo ao fronte da delegación uruguiaia da Xunta de Galicia, onde desenvolveu un importante traballo tanto na atención á cidadanía galega como no fomento da lingua e da cultura de Galicia, o impulso ás relacións económicas entre Galicia e Uruguai e a cooperación ao desenvolvemento neste territorio.

Manuel Barros é natural da Estrada, aínda que desde hai máis de 30 anos vive en Uruguai, onde labrou unha exitosa carreira como empresario e estivo sempre moi implicado nas actividades da diáspora galega no país. Precisamente, antes de ser delegado da Xunta, foi directivo do Centro Galego e do Club Español durante dez anos e do Fogar Español durante outros quince.



## **A XUNTA OFERTA 47 PRAZAS DE EMPREGO PÚBLICO NA OEP DE 2013**

- *A Dirección Xeral de Función Pública centra a oferta no reforzo da Axencia Tributaria de Galicia e en órganos especializados da Administración*
- *Como mínimo un 25% destas prazas corresponderán á promoción interna e un 7% resérvanse para persoas con discapacidade*
- *A OEP de 2013 cumpre coa taxa de reposición establecida pola Lei de orzamentos xerais do Estado*
- *Os postos están na súa maioría ocupados provisionalmente por persoal temporal e dotados orzamentariamente, polo que non supoñen un incremento de custos ou efectivos*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a oferta de emprego público (OEP) para o ano 2013, pola que a Administración autonómica convoca a oposición 47 prazas no ámbito da Función Pública. Como mínimo un 25% das prazas corresponderá a promoción interna. Ademais, con respecto á reserva de prazas para persoas con algún tipo de discapacidade, o Goberno galego considera necesario e continúa apostando por manter a porcentaxe do 7% das vacantes.

A Lei de orzamentos xerais do Estado para 2013 dispón que durante o presente exercicio non se procederá no sector público autonómico á incorporación de novo persoal, aínda que exceptúa determinados sectores e colectivos de marcado carácter prioritario ou que afectan o funcionamento dos servizos públicos esenciais, para os cales a taxa de reposición de efectivos se fixa no 10%.

Neste sentido, a OEP de 2013 cumpre con esta taxa de reposición establecida por lei e concéntrase nos órganos especializados da Administración e nos corpos responsables do control e da loita contra a fraude fiscal da Axencia Tributaria de Galicia, funcións encomendadas na Comunidade Autónoma ás escalas superior e técnica de finanzas.

Do total das 47 prazas ofertadas, 15 pertencen ao corpo superior de administración da Xunta de Galicia (subgrupo A1); 10 ao corpo de xestión de administración da Xunta de Galicia (subgrupo A2); 6 á escala de letrados; 8 á escala superior de finanzas; e outras 8 á escala técnica de finanzas. Tamén se convocará unha praza mediante o proceso extraordinario de consolidación de emprego correspondente á escala de topógrafos do subgrupo A2 do corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia.

### **Contención de gasto e política racional de recursos humanos**

O Estatuto básico do empregado público establece que as ofertas de emprego son un instrumento de planificación dos recursos humanos dispoñibles e definen e cuantifican os efectivos en función das necesidades e prioridades derivadas da planificación xeral dos recursos humanos.



Neste sentido, as prazas ofertadas están na súa maioría ocupadas provisionalmente por persoal temporal e dotadas orzamentariamente, polo que non supón un maior custo para a Administración autonómica nin un incremento de efectivos, ademais de achegar estabilidade no emprego e reducir a temporalidade.

Os criterios de asignación das prazas da OEP 2013 aos corpos e escalas que se inclúen encóntranse condicionados, con carácter xeral, polos ámbitos que se consideran preferentes de acordo coa estratexia de austeridade e de contención de gasto levada a cabo polo Executivo galego.

### **ANEXOS OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA O ANO 2013**

Corpo superior da Administración da Xunta de Galicia (subgrupo A1).....15  
Corpo de xestión da Administración da Xunta de Galicia (subgrupo A2).....10

#### **Escalas:**

Corpo superior da Administración da Xunta de Galicia (subgrupo A1)  
- Letrados.....6  
- Escala superior de finanzas .....8  
Corpo de xestión da Administración da Xunta de Galicia (subgrupo A2)  
- Escala técnica de finanzas.....8

**TOTAL..... 47**

#### **PROCESO DE CONSOLIDACIÓN EMPREGO:**

Corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (subgrupo A2)  
- Topógrafo.....1



## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CAMBIO DE TITULARIDADE A PROL DO CONCELLO DE FERROL DAS ESTRADAS DE CATABOIS E DE CASTELA, NAS CALES O GOBERNO GALEGO INVESTIU MÁIS DE 8 MILLÓNS DE EUROS**

- *Esta transferencia está xustificada porque as vías AC-862, a antiga estrada C-646 e a AC-116, que suman case 5,6 quilómetros, adquiriron nestes treitos características de tramo urbano*
- *A entrega formalizarase no prazo de dous meses seguintes á publicación do decreto no Diario Oficial de Galicia (DOG) mediante a sinatura da acta de entrega*
- *A partir dese momento, o Concello de Ferrol deberá incorporar ao seu Plan de estradas as vías a que se refire este decreto, así como facerse cargo do seu mantemento*
- *A Xunta acometeu nestas vías unha fonda transformación urbana para mellorar a calzada, a sinalización, as beirarrúas e os aparcadoiros, e optimizar a rede de pluviais, de gas e telecomunicacións e a instalación da nova iluminación*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou na súa reunión de hoxe o decreto de cambio de titularidade a prol do Concello de Ferrol dos treitos que discorren polo núcleo urbano de Ferrol das estradas de Catabois (a antiga estrada C-646 máis a AC-116) e Castela (AC-862). Estes tramos, que suman preto de 5,6 quilómetros, están integrados no núcleo urbano de Ferrol, e conforman dúas rúas do dito municipio con beirarrúas en todo o seu percorrido, edificacións e servizos, polo que adquiriron características de tramo urbano.

As vías transferidas son as seguintes:

- Ferrol- límite de provincia (AC-862): entre os puntos quilométricos 0 + 000 ao 1 + 580,
- a antiga C-646 (Ortigueira a Ferrol por Cedeira), de 2,97 km de lonxitude
- e a estrada Catabois-Valdoviño (AC-116), do p.q. 0 + 000 ao 1 + 030.

A Axencia Galega de Infraestruturas, de acordo co informe emitido polos servizos competentes, formulou a proposta favorable á transferencia de titularidade.

O expediente tramitouse ao abeiro dos artigos 5 e 54 da Lei de estradas, que establece que os cambios de titularidade se aprobarán por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da Consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas.

### **Compromisos**

O Concello de Ferrol deberá incorporar ao seu Plan de estradas aquelas a que se refire este decreto, así como facerse cargo do seu mantemento. Ademais, correspóndenlle ao municipio, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión,



conservación e explotación da vía, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova Administración titular.

A entrega formalizarase no prazo dos dous meses seguintes á publicación do decreto no *Diario Oficial de Galicia (DOG)*, mediante a sinatura da acta de entrega.

### **Melloras executadas**

Cómpre lembrar que a Administración autonómica e a local asinaron un convenio de colaboración para levar a cabo obras de mellora da seguridade viaria mediante a reurbanización da AC-862 entre os p.q. 0+000 e 1+580 e a reurbanización da antiga estrada C-646 (2,97 km) e da AC-116 en Catabois do p.q. 0+000 ata o 1+030.

Grazas a esta colaboración actuouse sobre máis de 5 quilómetros e medio, investindo máis de 8'1 millóns de euros para mellorar a calzada, a sinalización, as beirarrúas e os aparcadoiros. Tamén se optimizaron a rede de pluviais, de gas e telecomunicacións e a iluminación. Esta mellora significou unha transformación de dúas vías urbanas, que son os principais accesos á cidade departamental tanto desde a Ponte das Pías como desde a Autoestrada do Atlántico.

Esta actuación financiada pola Xunta de Galicia tamén implicou poñer á disposición dos veciños e veciñas de Ferrol dúas importantes rúas, que precisaban dunha fonda renovación urbana, e sobre todo tendo en conta que máis de 10.000 vehículos empregan diariamente cada unha destas vías.

Nas seguintes imaxes pódese observar o aspecto antes e despois das obras da estrada AC-862 no seu p.q. 0+000:







Nas seguintes imaxes, estado anterior e actual da AC-862 á altura do p.q. 1 + 550:



## **TURISMO DE GALICIA, A AMTEGA E A EOI COLABORARÁN NUN PROXECTO PARA FOMENTAR A INNOVACIÓN E A COMPETITIVIDADE NAS PEMES DO SECTOR TURÍSTICO VINCULADAS AO CAMIÑO DE SANTIAGO**

- O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración para desenvolver o proxecto 'Camiño intelixente'
- *Entre os obxectivos da colaboración está a consolidación do Camiño como referente de destino turístico intelixente e a posta en marcha dun sistema de xestión, unha plataforma de información turística de xeorreferenciación e consulta*
- *O proxecto pretende consolidar a Ruta Xacobeá como destino turístico intelixente, ofrecer un servizo turístico personalizado e incrementar a fidelización dos clientes*

A Axencia de Modernización Tecnolóxica da Xunta de Galicia, a Escola de Organización Industrial e mais Turismo de Galicia asinarán un convenio de colaboración para levar a cabo un proxecto para o fomento da innovación e a competitividade nas pemes do sector turístico vinculadas ao Camiño de Santiago 'Camiño intelixente'. Así o aprobou hoxe o Consello da Xunta, que autorizou a subscrición deste acordo.

A colaboración entre a Fundación EOI, a Amtega e Turismo de Galicia terá por obxectivo, xa que logo, o desenvolvemento conxunto do proxecto 'Camiño intelixente'. A finalidade deste proxecto é potenciar e fortalecer as posibilidades do Camiño de Santiago como referente de destino turístico intelixente. Con el perséguese, así mesmo, unha mellora da competitividade das pemes do sector turístico coa posta en marcha dun sistema de xestión e unha plataforma de información turística de xeorreferenciación e consulta.

De igual modo, poñerase en marcha unha interface de actualización da información, así como un sistema de xestión da información turística, unha plataforma para a integración de información contextual no ámbito e mais unha ferramenta avanzada de elaboración de rutas turísticas para a promoción das pemes beneficiarias. O obxectivo final destas ferramentas é conseguir un turismo 'personalizado' e a fidelización dos clientes.

### **Camiño intelixente**

O proxecto desenvolverase de xeito íntegro en Galicia e a Fundación EOI comprométese a desenvolver tarefas de relación coa autoridade de xestión do programa operativo; selección dun coordinador do proxecto; proposta do plan de proxectos e do plan de difusión; selección de profesionais especializados para as actividades programadas e dirixir e executar as actividades, así como asegurar o cumprimento dos criterios tecnolóxicos, funcionais e de calidade.

Pola súa banda, a Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia e mais Turismo de Galicia contribuirán á elaboración do plan de proxectos; á elaboración do plan de



promoción e difusión; á captación de empresas beneficiarias e mais a proporcionarlle á plataforma de xestión a información turística precisa, e ao seu mantemento durante cinco anos.



## APROBADO O PROGRAMA DE XESTIÓN DE RESIDUOS DA CONSTRUCCIÓN E DEMOLICIÓN DE GALICIA, CO CAL SE PRETENDE INCREMENTAR A RECUPERACIÓN DO MATERIAL XERADO POLO SECTOR

- *O programa establece como obxectivo que a cantidade de residuos destinados á reutilización, reciclaxe e outras formas de valorización se aproxime ao 70% sobre a cantidade producida*
- *Na actualidade, Galicia xa xestiona un 62% dos residuos producidos para a súa valorización*
- *O programa de xestión susténtase en 7 eixes fundamentais, que se resumen en evitar a xeración deste tipo de residuos e reutilizar, reciclar e valorizar os xerados, deixando o depósito en vertedoiro como derradeira opción*
- *No 2012 xeráronse 654.521 toneladas de residuos, e estímase que a dita cifra diminúa un 0,8% en 2013 pero que vaia recuperándose ata situarse nun 2,5% máis no ano 2016*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o Programa de xestión de residuos da construción e demolición de Galicia 2013-2016, no cal se establece como obxectivo cuantitativo que a cantidade de residuos destinados á preparación para a reutilización, a reciclaxe e outras formas de valorización se aproxime ao 70% sobre a cantidade producida, obxectivo establecido na norma básica estatal para o ano 2020, acadando como mínimo o 65% no seu ámbito temporal.

O Programa de xestión de residuos da construción e de demolición (RCD) elaborouse en coherencia co Programa de prevención de residuos industriais de Galicia 2013-2016, aprobado tamén en Consello da Xunta de Galicia este mesmo ano, e susténtase en 7 eixes fundamentais: prevención, xestión integral da obra, a valorización, aproveitamento dos materiais recuperados, control e seguimento, formación e comunicación, innovación e desenvolvemento.

Este novo programa continuará e reforzar as liñas de traballo emprendidas polo anterior, garantindo a prevención e xestión optimizada dos residuos e cumprindo os preceptos legais vixentes. Así, propón a estratexia que se deberá seguir nos vindeiros tres anos en materia de xestión destes residuos, de xeito que actualice as metas e consideracións do anterior, avaliando as necesidades e fomentando os obxectivos para acadar a medio prazo segundo un marco sustentable e asumible para o territorio galego, a través dos máximos niveis de protección ambiental.

Como obxectivo xeral, o programa establece a necesidade de evitar a xeración deste tipo de residuos e reutilizar, reciclar e valorizar os xerados, deixando o depósito en vertedoiro como derradeira opción, e sempre e cando se garanta o tratamento previo.



Neste sentido, un dos piares básicos é optar pola prevención en orixe, así como a xestión axeitada e certificada, para o cal será preciso definir as implicacións e responsabilidades dos distintos axentes que interveñen nos procesos de xestión, así como as medidas e liñas de actuación específicas.

Outra das máximas que establece este programa é atender á organización do territorio, de xeito que se garanta a dispoñibilidade de medios e/ou infraestruturas necesarias para satisfacer as necesidades actuais e futuras de xestión. Así mesmo, potenciaranse as medidas de control que garantan unhas exixencias mínimas de rendementos das instalacións e unha correcta clasificación e tratamento.

Conxuntamente coas medidas destinadas a fomentar a reciclaxe de RCD, apóstase pola saída ao mercado do material recuperado, sempre e cando as áreas recicladas cumpran cos estándares establecidos na normativa de referencia, para o cal se impulsará a investigación e a innovación neste eido, mediante o establecemento de programas encamiñados á determinación de novos usos para a utilización destas áreas, entendidas como materiais útiles para outras finalidades.

Finalmente, fomentarase a formación e sensibilización de empresas, administracións, xestores e outros axentes implicados.

Estas iniciativas estratéxicas perseguen a implantación dun modelo de xestión de residuos máis sustentable e acorde coa xerarquía de xestión marcada a nivel europeo e nacional.

### **Eixes de actuación do novo programa**

Co fin de cumprir os obxectivos que recolle o novo Programa de residuos da construción e demolición de Galicia, a Consellería de Medio Ambiente (órgano impulsor do programa) establece unha serie de medidas para levar a cabo dentro dos sete eixes de actuación en que se sustenta este novo programa e que buscan incidir no fluxo de residuos que ata o momento estaban a resultar un problema polo seu volume de xeración.

Así, os eixes de actuación desenvolveranse do seguinte xeito:

1. A prevención: coa potenciación de boas prácticas de xestión de obra tentarase frear a tendencia que ata agora se viña rexistrando. Así, introducíranse criterios que reduzan a xeración de residuos na fase de concepción do proxecto técnico da obra, aplicaranse medidas de prevención e reutilización previstas nos estudos e nos plans de xestión de residuos en obra e valorarase nos concursos públicos o uso de materiais reciclados.

2. A xestión integral da obra: a través do control e seguimento que se poida exercer sobre as obras de construción e demolición, definiranse as responsabilidades que levarán a cabo os axentes responsables e que deberán ser formados e sensibilizados no labor. Entre as actuacións que se desenvolverán neste ámbito atópase a elaboración e aplicación de boas prácticas nas obras en referencia a xeración e xestión dos residuos ou o control das obras analizando os seus plans de tratamento.
3. A valorización: grazas á existencia de infraestruturas de tratamento na nosa Comunidade, poderase optimizar e maximizar a recuperación dos materiais e a redución da vertedura a través do fomento de tratamentos de valorización fronte aos depósitos en vertedoiros ou os puntos de vertedura incontrolada.
4. O aproveitamento dos materiais recuperados: o aproveitamento e utilización dos materiais recuperados dos RCD é o punto final do seu ciclo de xestión. É por iso, que se desenvolverán actuacións que garanten a calidade dos materiais, sendo tarefas necesarias para que resulte efectiva a súa incorporación ao mercado. En relación as áreas recicladas fomentárase a súa utilización potenciando o uso destes produtos en licitacións de obras públicas ou establecendo uns criterios mínimos de utilización de materiais recuperados dentro das obras públicas galegas.
5. Control e seguimento: medidas como a adecuación dos sistemas documentais e de rexistro dos RCD ou o desenvolvemento duns criterios mínimos para o seu axeitado tratamento e valorización, así como establecer un plan de seguimento e control en consonancia coas autoridades locais, son actuacións necesarias en que deben implicarse as administracións locais.
6. Formación e comunicación: este eixe de actuación centrarase na formación dos axentes implicados no desenvolvemento do programa. Os profesionais do sector (empresas construtoras, colexios profesionais, proxectistas, etc) contarán con programas de información e sensibilización e poderán acudir a xuntanzas e coñecer información sobre os investimentos destinados á minimización e axeitada xestión dos residuos. Para os produtores e xestores de residuos editarase unha guía práctica sobre os estudos de xestión de residuos na obra, organizaranse sesións formativas e difundiranse protocolos para a correcta separación e xestión dos residuos perigosos, ademais de impulsar sesións de traballos co fin de axustar a súa actividade á lexislación vixente. No campo da Administración informarase aos concellos das súas obrigas, formaranse inspectores para que asuman as funcións informativas e concienciarase á sociedade de que os RCD poden ser un recurso con valor.

7. Innovación e desenvolvemento: co fin de potenciar o uso dos materiais reciclados en novos ámbitos de actuación, estableceranse vías de investigación para os materiais precedentes da reciclaxe de RCD; abranse así novas liñas de utilización. Ademais, fomentárase o desenvolvemento de aplicacións con areas procedentes dos RCD e fomentárase un mercado estable que absorba a totalidade dos residuos da construción e demolición reciclados na nosa Comunidade.

### Punto de partida

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas realizou unha análise da situación da xestión dos residuos da construción e demolición en Galicia, da cal se desprende que en 2012 se xeraron 654.521 toneladas de residuos; estímase que dita cifra diminúa un 0,8% en 2013 pero vaia recuperándose ata se situar nun 2,5 % máis en 2016. Por provincias a xeración en 2012 foi: A Coruña 245.686 (t), Lugo 130.568 (t), Ourense 76.938 (t) e Pontevedra 201.326 (t).

### Previsión da xeración de RCD en Galicia para o período 2013-2016

Estimación	2013	2014	2015	2016
Porcentaxe de variación	-0,8%	0,9%	1,7%	2,5%
Cantidade estimada (t)	649.285	655.128	666.266	682.922

A composición dos RCD en Galicia é a seguinte:

### Estimación da composición dos RCD de Galicia

Fracción residuo	Porcentaxe
Formigón, ladrillos, tellas e materiais cerámicos	48,14%
Madeira, vidro e plástico	0,61%
Mesturas bituminosas, alcatrán de hulla e outros produtos alcatranados	3,21%
Metais	6,22%
Terras	0,95%
Materiais de illamento e materiais de construción que conteñen amianto	1,32%
Materiais de construción a partir de xeso	0,45%
Residuos de construción e demolición mesturados	39,09%

Na actualidade valorízase en Galicia o 62% dos residuos xerados, principalmente mediante a transformación dos materiais en áreas recicladas (43%) e a recuperación de metais e plásticos para reciclaxe.

Esta taxa de reciclaxe constitúe un excelente punto de partida para poder acadar o reto fixado pola normativa estatal, ao que contribuirán as 10 instalacións de valorización de titularidade pública e as 53 fixas ou móbiles de xestión privada por parte do medio centenar de xestores deste tipo de material rexistrados no Sistema de información de residuos de Galicia xestionado pola Consellería.

Así pois, o novo programa faise eco do esforzo investidor da Xunta, que conseguiu dotar Galicia dunha rede de infraestruturas de tratamento acorde coas necesidades que a sociedade e o sector da construción demandaban.

Tendo en conta este bo grao de desenvolvemento, os indicadores non poñen de relevancia a necesidade de implementar un novo plan de infraestruturas.

Malia o anterior, a estrutura territorial e a dispersión da poboación de Galicia son os factores máis salientables que condicionan calquera actuación en materia de planificación de residuos, polo que as necesidades de xestión dos focos de xeración dispersos deben derivar na busca e implementación de alternativas de xestión á marxe das convencionais representadas polas plantas fixas, polo que se aposta pola utilización de plantas móbiles ou os almacenamentos intermedios debidamente autorizados que sirvan como base de transferencia ás instalacións fixas de tratamento que corresponda.

A aprobación no Consello da Xunta deste programa constitúe unha ferramenta de planificación do territorio, acorde coa calidade de vida e o desenvolvemento do potencial produtivo, co que se busca compaxinar a xestión dos residuos derivados da actividade empresarial coa calidade dos valores ambientais.





## **O CONSELLO DA XUNTA APROBOU A MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CEE PARA DOTAR O POLÍGONO DUN NOVO ACCESO**

- *Trátase dunha promoción da empresa pública SEA, S.L.*
- *A modificación do proxecto sectorial permitirá dotar o parque empresarial dunha vía máis próxima ao núcleo de poboación*

O parque empresarial da localidade coruñesa de Cee, promovido pola empresa pública Suelo Empresarial del Atlántico S.L. (SEA), contará cun novo acceso viario una vez que o Consello da Xunta aprobou a modificación puntual do seu proxecto sectorial.

A modificación do proxecto permitirá crear unha nova vía na parte sur do parque empresarial, o que suporá unha vía máis próxima ao núcleo urbano e independente do existente ao norte do ámbito, no cal conflúen os tráfico procedentes da estrada AC-552 e da vía de alta capacidade (VAC) Carballo-Fisterra.

A conexión coa estrada CP-2303 realízase mediante unha glorieta de nova construción, que contribúe, ademais, a moderar a velocidade do tráfico neste tramo da vía próximo á localidade de Cee.

Ademais da conexión coa estrada, levarase a cabo un tramo de vía interior no parque empresarial, de preto de 300 metros de lonxitude, que permitirá a conexión co sistema viario interno do parque empresarial.

O proxecto sectorial prevé que SEA, S.L. realice un investimento de 739.700,00 euros (IVE incluído) para o novo acceso do parque empresarial.

A licitación da vía xa foi autorizada polo Consello de Administración de SEA, polo que se vai levar a cabo de forma inmediata, e que estará finalizado antes do remate do ano que vén.



## **O PLAN DE ORDENACIÓN DE RECURSOS HUMANOS DOS LABORATORIOS DE SAÚDE PÚBLICA DE SANIDADE PERMITIRÁ UNHA MAIOR EFICIENCIA NA XESTIÓN Á VEZ QUE GARANTE O MANTEMENTO DE TODOS OS POSTOS DE TRABALLO ACTUAIS**

- *Trátase do primeiro plan de ordenación de recursos humanos da Xunta referido a postos de traballo de diversas consellerías*
- *A redistribución de persoal materializarase a través dun traspaso das prazas afectadas a outras consellerías da Xunta de Galicia, sempre baixo o principio de voluntariedade*
- *O Plan conta co voto favorable de todos os sindicatos presentes na Mesa Sectorial de Funcionarios Públicos*

O Executivo galego reunido baixo a presidencia de Núñez Feijoo aprobou o Plan de ordenación de recursos humanos dos laboratorios de saúde pública dependentes do departamento que dirixe Rocío Mosquera Álvarez. Trátase do primeiro plan de ordenación de recursos humanos no ámbito da Xunta de Galicia referido a postos de traballo de diversas consellerías (Traballo e Benestar; Medio Rural e do Mar; Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas; Economía e Industria; e Consellería de Sanidade).

Sanidade, con base no Decreto 41/2013, do 21 de febreiro, que establece a súa estrutura orgánica, reorganizou os servizos dos laboratorios de saúde pública existentes na Coruña, Ourense e Pontevedra creando o Laboratorio de Saúde Central de Galicia, situado en Lugo, que desde o 1 de xaneiro de 2014 pasa a ser o único laboratorio acreditado para realizar as pertinentes analíticas de alimentos, augas e praias. Esta iniciativa dotará a nosa Comunidade Autónoma dunha nova estrutura funcional e organizativa da actividade analítica requirida polos programas de seguridade alimentaria e sanidade ambiental, co que se pretende mellorar a eficiencia na prevención de riscos para a saúde, xa que a actividade desenvolvida por este laboratorio será esencial para garantir o cumprimento das necesidades derivadas da lexislación vixente, os novos riscos para a saúde e os avances tecnolóxicos.

O Plan de ordenación, que ten vixencia desde o 1 de xaneiro de 2014, garante o mantemento de todos os postos de traballo actuais existentes nos diferentes laboratorios, aínda que situando os ditos postos de traballo nas unidades en que agora son máis necesarios, en aplicación do principio de eficacia e eficiencia na xestión dos recursos públicos.

En consecuencia, as necesidades de persoal constatadas noutros departamentos da Xunta de Galicia, que están a demandar profesionais da mesma especialización que os existentes nos laboratorios de saúde pública, e a garantía de estabilidade dos funcionarios de carreira e persoal laboral fixo determinan a procedencia de efectuar unha



nova distribución dos efectivos existentes en centros próximos doutras consellerías, onde as funcións que se realizarán son análogas ás desenvolvidas e propias da súa especialización.

Esta redistribución materializarase a través dun traspaso das prazas afectadas a outras consellerías da Xunta de Galicia, sempre baixo o principio de voluntariedade deste persoal, mediante a oferta de destino ao persoal fixo dos extintos laboratorios de saúde pública da Coruña, Ourense e Pontevedra nas Consellerías de Medio Rural e do Mar; Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas; Traballo e Benestar; e de Economía e Industria.

Ao mesmo tempo, mantense a taxa de emprego público, pois os postos ocupados por funcionariado interino, laboral temporal e laboral indefinido son traspasados ao Laboratorio de Saúde Pública de Galicia sen que se produza amortización de prazas nin cesamento de persoal.

Este plan de ordenación conta co voto favorable da totalidade das organizacións sindicais con representación na Mesa Xeral de Negociación dos Funcionarios da Xunta de Galicia.



## **BENESTAR PORÁ EN MARCHA UN NOVO CENTRO DE DÍA DE 34 PRAZAS NA PORQUEIRA QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 650.000 EUROS**

- *O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á sinatura dun convenio de colaboración entre o Concello e o departamento autonómico que se estenderá ata 2015*
- *O Goberno galego está tamén a investir 1,7 millóns de euros na provincia de Ourense na construción dos centros de día de Leiro, Montederramo, Cualedro e Muíños, con 198 prazas, aos cales hai que engadir outros 1,7 millóns de euros do Goberno central*
- *En total, a Xunta conta cunhas 9.500 prazas de atención a maiores en Galicia, unha cifra que supera en máis dun 36 por cento a que había en 2009*

O Consello da Xunta de Galicia deu hoxe o visto e prace á sinatura dun convenio de colaboración entre o concello da Porqueira e a Consellería de Traballo e Benestar para a posta en marcha dun novo centro de día na localidade, de 34 prazas, que suporá un investimento de máis de 650.000 euros ata 2015.

Esta actuación encádrase dentro das accións incluídas no convenio de colaboración específico entre o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e a Xunta de Galicia para a execución, seguimento e avaliación das accións incluídas nos plans de zona das súas zonas rurais. En concreto, inclúese dentro das previstas para a mellora das estruturas para a protección social no medio rural, na parte do plan de viabilidade de centros destinados á prestación de servizos sociais.

O orzamento total será cofinanciado ao 50 por cento polo Goberno central e pola Xunta de Galicia e dividirase en tres anualidades, ata 2015, e suporá a construción e o equipamento dun novo centro de día de 34 prazas, garantindo o dereito a que os servizos no medio rural sexan accesibles ás persoas con discapacidade e ás persoas maiores.

Esta actuación inscríbese na aposta da Xunta por poñer máis e mellores servizos á disposición dos galegos e galegas e, especialmente, para aqueles colectivos que máis atención precisan, como son os maiores. Así, por exemplo, a Goberno galego está tamén a investir 1,7 millóns de euros na construción dos centros de día de Leiro, Montederramo, Cualedro e Muíños, con 198 prazas, aos cales hai que engadir outros 1,7 millóns de euros procedentes do Goberno central.

En concreto, na lexislatura anterior incrementáronse nun 15 por cento as prazas residenciais, ata superar as 6.630, mentres que as prazas de atención diúrna aumentaron nun 243 por cento, ata as 2.960 actuais.



En total, a Xunta conta con 9.591 prazas de atención a maiores (centros de día, residencias e centros de día de alzhéimer), unha cifra que supera nun 36,9 por cento a que había en 2009.



## **BENESTAR INVISTE PRETO DE 3 MILLÓNS DE EUROS NO MANTEMENTO DAS 37 PRAZAS DO CENTRO DE MENORES MONTELEDO DE OURENSE**

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe a prórroga da xestión destas instalacións de titularidade pública*
- *O centro está destinado ao cumprimento de medidas xudiciais en réxime de internamento*
- *A Xunta está a investir máis de 8,7 millóns de euros ao ano no mantemento dos centros de menores destinados ao cumprimento de medidas xudiciais*

A Consellería de Traballo e Benestar investirá o próximo ano preto de 3 millóns de euros no mantemento das 37 prazas do centro de menores Monteledo de Ourense, que está destinado ao cumprimento de medidas xudiciais en réxime de internamento. O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe a esta actuación e, en concreto, á prórroga da xestión destas instalacións de titularidade pública.

Galicia conta na actualidade, incluíndo as 37 prazas de Monteledo, con 125 prazas en centros para o cumprimento de medidas xudiciais, o que supón un aumento do 33 por cento con respecto ás prazas que había en 2009.

Este incremento dá resposta á demanda para a execución de medidas xudiciais impostas polos xulgados de menores para prestar unha atención integral e continuada aos internados en virtude dunha resolución xudicial, así como á aplicación de programas co obxecto da súa reinserción social.

Á Xunta de Galicia correspóndelle a execución das medidas adoptadas polos xuíces de menores, que poden ser de internamento en réxime pechado; semiaberto; aberto; terapéutico en réxime pechado, semiaberto ou aberto; e permanencia de fin de semana en centro.

Actualmente, a Xunta de Galicia é titular de catro centros destinados a executar medidas xudiciais de internamento para os menores infractores, en réxime de internamento aberto, semiaberto e pechado. Ademais de Monteledo, tamén conta co centro de Concepción Arenal na Coruña, Montefiz de Ourense e Avelino Montero de Pontevedra. Doutra banda, o Goberno galego tamén financia outras 50 prazas de centro de día destinadas aos menores infractores aos cales se lles impoñen medidas xudiciais de medio aberto.

Para o mantemento destes catro centros, a Xunta está a investir este ano 8,7 millóns de euros, unha contía que se incrementará nun 1,7 por cento o próximo ano.



Durante as estadías nos centros de menores, perséguese conseguir unha socialización o máis axeitada posible do menor e búscase acadar a adquisición de habilidades sociais, laborais e educativas necesarias para a súa integración social con posterioridade á execución da medida xudicial.



## **A XUNTA DESENVOLVERÁ EN 2014 DIFERENTES PROGRAMAS DE ERRADICACIÓN DE ENFERMIDADES DOS ANIMAIS**

- *Levará a cabo tamén a xestión dos centros de limpeza e desinfección dos vehículos de transporte de gando por estrada*

A Xunta desenvolverá en 2014 diferentes programas de erradicación de enfermidades dos animais, así como a xestión dos centros de limpeza e desinfección dos vehículos de transporte de gando por estrada. O Goberno galego destinará a esta finalidade un total de 7,2 millóns de euros, segundo o aprobado polo Consello da Xunta na súa reunión de hoxe.

De acordo co aprobado, a Xunta executará diversos traballos relacionados cos programas de sanidade e produción animal, entre eles os diagnósticos e tomas de mostras correspondentes ao desenvolvemento do Programa nacional de erradicación de tuberculose bovina, o Programa nacional de erradicación da brucelose bovina, o Programa nacional de erradicación da brucelose ovina e cabrúa e o Programa nacional de vixilancia da leucose enzoótica bovina e da perineumonía contaxiosa bovina, así como o Plan de vixilancia sanitaria na fauna silvestre.

Ademais, inclúense nas actuacións que se deberán realizar a limpeza e a desinfección das explotacións gandeiras que realicen baleiros sanitarios, a realización da limpeza e desinfección dos vehículos de transporte de gando nos centros dependentes da Consellería, e os labores de apoio aos servizos veterinarios oficiais que sexan necesarios no caso de alertas sanitarias.

O desenvolvemento dos programas nacionais de Erradicación ten como finalidade a cualificación sanitaria das explotacións, segundo o establecido na normativa nacional e comunitaria, asegurando o mantemento do status sanitario de Galicia e a comercialización sen trabas dos produtos de orixe animal.





## **A XUNTA ACHEGOU ESTE ANO PRETO DE 15 MILLÓNS DE EUROS EN AXUDAS A SOLICITUDES DE PROXECTOS COMPARTIDOS**

- *En sete das vinte ordes que incentivaban as solicitudes compartidas todas as peticións conxuntas resultaron beneficiarias*
- *As axudas do Fondo de Compensación Ambiental beneficiaron o triplo de peticións conxuntas que de solicitudes en solitario*

Neste primeiro ano de incentivo xeneralizado ás solicitudes conxuntas de axudas, preto de 15 millóns de euros -o 30% do total do concedido aos concellos mediante transferencias- foron destinando a proxectos compartidos entre dous ou máis concellos. Así o recolle un informe de resultados que o vicepresidente, Alfonso Rueda, presentou esta mañá ao Consello da Xunta.

Este ano o Goberno galego ofreceu incentivos ás solicitudes compartidas por varios concellos en vinte ordes de axudas, relacionadas con asuntos como o fomento do emprego, redución do abandono escolar, promoción do galego, mellora dos parques empresariais, inclusión social, promoción da igualdade ou accións dirixidas á xuventude, entre outros.

En sete destas ordes a totalidade das solicitudes conxuntas resultou beneficiaria; é dicir, a mera presentación conxunta garantiu o seu éxito. Foi o caso das convocatorias de axudas para agrupacións de voluntarios de protección civil, promoción do uso da lingua galega, redución do abandono escolar, equipamento e mellora de locais culturais, proxectos de prevención de drogodependencias e condutas adictivas, realización de actividades dirixidas á xuventude e entidades locais enmarcadas no Servizo de Voluntariado Xuvenil.

Noutras axudas, a porcentaxe de solicitudes conxuntas que resultou beneficiaria dobra ou triplica a das solicitudes individuais que acadaron o mesmo obxectivo. Así, nas axudas do Fondo de Compensación Ambiental resultaron beneficiarias o 79 por cento das solicitudes conxuntas, fronte ao 25 por cento das solicitudes individuais. No caso das axudas para contratar técnicos de orientación laboral resultaron beneficiarias o 88 por cento das solicitudes conxuntas, mentres que as que o fixeron en solitario só tiveron éxito no 37 por cento dos casos.

### **Máxima cobertura dos servizos**

Outro dos aspectos analizados no informe é a maximización da cobertura dos servizos grazas a este sistema de axudas. Grazas a isto, a Xunta está a financiar, por exemplo, o mantemento de 18 CIM que atenden mulleres de máis de 80 concellos; a organización de 29 obradoiros de emprego para traballadores de 114 concellos; ou a posta en marcha



de 31 proxectos de renovación das instalacións de iluminación pública exterior que están a provocar aforro enerxético en máis dun cento de municipios de Galicia.

En definitiva, a posta en marcha en 2013 desta política de incentivos nas ordes de axudas acadaron un nivel de colaboración municipal inédito en Galicia que permite maximizar o rendemento de cada euro das transferencias da Xunta aos concellos, asegurando a maior cobertura e o máximo rendemento dos proxectos financiados.

Non obstante, malia o éxito detectado, a Xunta continuará redobrando esforzos para aumentar a efectividade desta política no vindeiro ano e ampliar o número de concellos e cidadáns que se beneficien dela. Así, porase o acento na divulgación destas vantaxes entre os alcaldes e proporcionaranlles unhas recomendacións técnicas para presentar correctamente as súas solicitudes de axuda.



## **A XUNTA ACTIVA O PROGRAMA GALICIA EMPRENDE QUE MOBILIZA 10 MILLÓNS NO IMPULSO Á ACTIVIDADE EMPRENDEDORA EN GALICIA**

- *O programa, que dá continuidade ao ReEmprende, duplica o seu orzamento achegando apoios de ata o 50% para investimentos de emprendedores, autónomos ou pemes de ata un ano de actividade*
- *A través desta liña apoiáronse preto de 150 proxectos nos últimos anos e contribuíse á creación de máis de 330 postos de traballo*
- *Os proxectos que se desenvolverán nas provincias de Lugo e Ourense, e nas comarcas de Ferrolterra e Costa da Morte acadarán maior intensidade das axudas*

A Xunta de Galicia, dentro da súa estratexia de impulso ao emprendemento, pon en marcha o programa Galicia Emprende, que mobilizará 10 millóns de euros no desenvolvemento de preto dun centenar de proxectos impulsados por emprendedores, autónomos e pemes galegos de ata un ano de actividade.

O programa, que dá continuidade ao anterior ReEmprende, duplica este ano o seu orzamento ata acadar os 3 millóns de euros, nunha clara aposta do Goberno galego polo emprendemento. Deste modo, as axudas, que parten dun mínimo do 15%, chegan a cubrir ata o 50% dos investimentos subvencionables no caso das pequenas empresas.

Galicia Emprende busca favorecer a creación de emprego a través da posta en marcha de novas empresas ou a consolidación temperá, durante o primeiro ano, de novas sociedades por parte dos emprendedores galegos.

Neste sentido, cómpre salientar que, nos últimos anos, a través do ReEmprende se contribuíu á creación de máis de 330 postos de traballo e ao mantemento de case medio cento de empregos. Así mesmo, neste tempo impulsáronse preto de 150 proxectos emprendedores, que supuxeron a concesión de axudas por un importe próximo aos 5,5 millóns de euros e un investimento inducido de case 17 millóns.

Para esta nova convocatoria, o prazo de presentación de solicitudes ábrese o vindeiro 2 de xaneiro. Os proxectos que se desenvolvan nas provincias de Lugo e Ourense, xunto cos das comarcas de Ferrolterra e Costa da Morte, terán prioridade e acadarán maior intensidade das axudas, ao abeiro dos respectivos plans de dinamización.

O programa Galicia Emprende configúrase como unha das liñas fundamentais de apoio económico consideradas na Lei de emprendemento e da competitividade económica de Galicia. A través desta norma articúlanse diferentes instrumentos financeiros para impulsar a actividade emprendedora, como o Fondo de Capital Risco Galicia Iniciativas Emprendedoras, que se suma aos xa dispoñibles a través de Xesgalicia; a nova liña de microcréditos; o coinvestimento que acompaña a Rede Galega de Investidores



Particulares ou *Business Angels*; e o fomento dos instrumentos de créditos habituais nas entidades financeiras.

